



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 25 DE SETEMBRO DE 2008

HORA: 20.30

CARÁCTER: ORDINARIO

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día 25 de setembro de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

D. Xaime Cancio Rodríguez
D^a. Ana A. Incera Ares
D^a. Rosa Alonso Rodríguez
D. Pedro M. Fernández Marful
D. Ramón Sixto Legaspi
D. Ángel Cao Pérez
D^a. María Lidia Rodríguez Moreda
D. José Luís Sánchez García
D. Pedro José Fernández Manín
D. Xoán Carlos González Basanta
D. Balbino Fernández López
D^a. María Xosefa Alonso Otero

Asiste tamén o Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz, e o interventor municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (31 DE XULLO ORDINARIO E 7 DE AGOSTO EXTRAORDINARIO).-

As actas son **aprobadas por unanimidade** .

2.-DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación **dáse por enterada**.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3.-TOMA DE POSESIÓN DE D. PEDRO JOSÉ FERNÁNDEZ MANÍN COMO CONCELEIRO.-

Vista a credencial remitida pola Xunta Electoral Central con data de rexistro de entrada no Concello o 18/08/2008, o sr. D. Pedro José Fernández Manín procede a prestar xuramento do seu cargo ante o Pleno Municipal, en orde a facer efectiva a toma de posesión do seu cargo, pasando a continuación a ocupar o seu escaño e participar na deliberación dos asuntos incluídos na orde do día.

4.- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA PARA ABOAR O CUSTO DO COMEDOR ESCOLAR.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

VISTO o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2008, onde figura na partida 422.489 unha consignación dispoñible de 18.561,91 euros destinada ao outorgamento de subvencións e axudas por parte do Concello relacionadas coa educación.

VISTA a solicitude formulada a través dos Servizos Sociais municipais por Dona Fardaous El Rherar de concesión dunha axuda para sufragar os gastos de comedor do Colexio nº 1 durante o curso 2008/2009.

VISTO o informe emitido polo Interventor municipal de data 8 de setembro de 2008, e o emitido pola Educadora Familiar do Concello de data 5 de setembro de 2008, onde se sinala o interese social das actividades a subvencionar.

CONSIDERANDO o sinalado na base 48 das de execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2008 en relación coa posibilidade de outorgar mediante acordo motivado axudas cando non sexa posible a concorrencia pública por razóns da natureza da actividade a realizar, ou das características da persoa ou entidade que ten que realizalas, requisito que se cumpre no presente caso, e dado o claro interese social das devanditas actividades.

Tendo en conta estes antecedentes, **propono ao Pleno da Corporación:**

PRIMEIRO. – Aprobar a concesión dunha subvención de 35,75 euros mensuais durante os nove meses do curso escolar a favor de Dona Fardaous El Rherar con NIE X 06899546 Y coa finalidade de aboar o importe do comedor escolar do Colexio Público nº 1 de Foz para o seu fillo durante o curso escolar 2008/2009.

SEGUNDO. – Establecer as obrigas de xustificación da presente axuda de acordo co disposto na Base 46 das de execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2008:

“O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións, xustificarse achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención.

A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente. A documentación a presentar será a seguinte:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- 1) *Unha Memoria da actividade ou actividades realizadas, ou no seu caso, un exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma, debendo anunciarse na mesma a colaboración municipal. Asemade, nos supostos de concesión ou outorgamento de premios en actividades subvencionadas polo Concello, deberá reservarse un posto nos correspondentes tribunais o xurado decisivos a un representante do Concello. Sen prexuízo do exposto, o Concello pode sinalar outras condicións particulares en función da natureza ou finalidade da subvención.*
- 2) *Unha declaración de conxunto de tódalas axudas percibidas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, ou da non percepción destas.*
- 3) *O xustificante de estar ó corrente do pago das obrigas tributarias e fiscais, coa Seguridade Social, e coa Facenda municipal.*
- 4) *Un Estado de Gastos e Ingresos da actividade realizada.*
- 5) *Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago, que deberán reuni-los seguintes requisitos:*

*O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura
Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos*

Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura e do destinatario

Se se trata de tickets de caixa rexistradora deben facerse constar o número, o NIF do expendedor e o importe total como mínimo, así como os requisitos de identificación do destinatario, que será o beneficiario da subvención..”

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao beneficiario da subvención así como a Intervención e a Tesourería, coa advertencia de que a cantidade achegada estará condicionada á xustificación final da subvención, que no caso de non realizarse axeitadamente, provocará a devolución das cantidades entregadas en favor do Concello e a perda da subvención concedida.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: Como xa dixemos na comisión informativa estamos de acordo coa concesión da subvención pero é necesario que se aproben unhas bases reguladoras.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: O BNG vai votar favorablemente á concesión de subvención condicionando o seu voto á aprobación dunhas bases que regulen a concesión de subvencións.

A CONCELEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN, SRA INCERA ARES: Estamos a elaborar unhas bases que esperamos poidan vir ao seguinte Pleno. A pesar de non estar aprobada utilizamos os criterios e requisitos fixados nese proxecto para a concesión da subvención.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: O único certo é que a subvención se está a conceder sen aprobar unhas bases previamente.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

5.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO AO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/08.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o fosen no exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación se non existe consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica do Orzamento Xeral 2008 que se sinalan a continuación.

Bolsa Vinculación	Denominación	Importe Actual	Dispoñible	Importe REC
3.2	Seguridade, protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos	177.981,50	97.925,77	118,00
4.2	Producción de bens públicos de carácter social. Gastos en bens correntes e servizos	1.751.521,00	730.066,20	5.750,25
4.6	Producción de bens públicos de carácter social. Inversións reais	2.547.814,95	1.423.202,38	2.415,12
TOTAL				8.283,37

Visto o informe emitido polo Interventor Municipal de data 8 de setembro de 2008.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **8.283,37 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se relacionan a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

	Num. Fact..					
1	7000589	27/06/2007	Sydney Chemical Solutions SL	Produtos químicos para xardinería	5.526,24	432.210
2	04000598	24/03/2007	Almacenes Martínez SL	Copas e trofeos	224,01	452.22608
3	170	23/11/2007	Carpintería Alberto García Blanco	Taboleiros e soportes para praias e colocación de portas no Centro Social de Nois	2.415,12	451.682



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

4		VARIOS	Axudas emerxencia social transeúntes exercicio 2007	118,00	313.22608
TOTAL				8.283,37	

Segundo.- Aprobar parcialmente a conta xustificativa do Anticipo de Caixa Fixa constituído a favor de Don Carlos López González como Traballador Social do Concello de Foz por Decreto de 24 de xullo de 2007, que consiste en axudas económicas de emerxencia social a favor de varios transeúntes que se recollen no expediente por un importe total de 118,00 euros.

Dar por cumprida a obriga marcada para os habilitados dos Anticipos de Caixa Fixa de xustificar a aplicación das cantidades percibidas na parte recollida no punto anterior.

Terceiro.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal para o exercicio 2008, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado na táboa anterior, nas que se realizará a correspondente retención.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: En primeiro lugar gustaríame saber cáles son os criterios nos que se basea o traballador social para a concesión de axudas de emerxencia. En canto ás facturas é necesario que o Concello se organice mellor, estamos nunha administración pública e hai que ser máis dilixente coa custodia de documentos

O SEÑOR ALCALDE: Os criterios de adxudicación desas cantidades, que son moi pouco significativas, posto que estamos a falar de pouco máis de cen euros fíxaos o asistente social en función das necesidades das persoas que o solicitan, a continuación trae ao Concello os correspondentes recibos. Polo que respecta ás facturas, a perda de tres nun ano non é significativa coa cantidade de documentos que se moven no Concello ao cabo do ano.

Sometido a votación o ditame é **aprobado con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero), absténdose (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín).**

6.- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO A INADMISIÓN DO RECURSO PRESENTADO POR XOAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA CONTRA O ACORDO DEFINITIVO DE APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA CORPORACIÓN PARA O ANO 2008.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Unha vez aprobado definitivamente o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2008 en sesión plenaria de 7 de agosto de 2008, e publicado o acordo no Boletín Oficial da



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Provincia de data 27 de agosto de 2008, preséntase no rexistro de entrada da Corporación escrito asinado por Don Xan Carlos González Basanta (RE 4789/2008) de data 5 de setembro de 2008, mediante o que se interpón recurso de reposición contra o devandito acordo plenario de aprobación definitiva dos Orzamentos.

Visto o informe emitido polo Interventor municipal de data 8 de setembro de 2008, propónse por esta Alcaldía ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. – Inadmitir por improcedente o recurso de reposición presentado por Xan Carlos González Basanta (RE 4789/2008) de data 5 de setembro de 2008, contra o acordo definitivo de aprobación dos Orzamentos Xerais da Corporación para o exercicio 2008 adoptado en sesión de 7 de agosto de 2008, polas seguintes razóns:

O artigo 107.3 da Lei 30/1992, de 28 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común determina que contra as disposicións administrativas de carácter xeral, carácter que outorga ao Orzamento Xeral dos Entes Locais a Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de febreiro de 1996 entre outras, non caberá recurso en vía administrativa.

Por tanto, de acordo co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: As opinións que dan os técnicos municipais en relación co recurso son meras interpretacións da lei e reservámonos o dereito de continuar co recurso. O problema é que, politicamente, o presuposto se aprobou como se aprobou conculcando os principios da ética.

O SEÑOR ALCALDE: Nós cumprimos coa nosa obriga aprobando uns presupostos para o Concello sen conculcar nada.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: O BNG presentou un recurso hai seis meses e voto en contra do informe de secretaría que propoñía a súa desestimación. Agora ao informe da intervención si que lle fan caso. En realidade veñen para presentar un recurso co que poder sacar unha nota de prensa porque saben que o recurso non vai ir a ningún sitio.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Nós non renunciamos a continuar con este recurso.

Sometido a votación o ditame é **aprobado con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e catro abstencións (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín).**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

7.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á EXECUCIÓN DA SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA Nº 00843/2007 POLA QUE SE RESOLVE O RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACORDO DO CONCELLO DE FOZ DE DATA 28/11/03 POLO QUE SE APROBA DEFINITIVAMENTE A ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS DE TELEFONÍA MÓBIL PERSOAL.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Pola Alcaldía-Presidencia dase conta da sentenza do TSXG dictada no procedemento ordinario 4141/2004 no que se resolve o recurso interposto contra o acordo polo que se aproba definitivamente a Ordenanza Municipal para a Instalación e Funcionamento de Instalacións de Telefonía Móbil Persoal.

Visto o mandato remitido polo TSXG, **propono ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. –Tomar coñecemento da sentenza 843/2007 pola que se resolve o procedemento ordinario 4141/2004 no que se resolve o recurso interposto contra o acordo polo que se aproba definitivamente a Ordenanza Municipal para a Instalación e Funcionamento de Instalacións de Telefonía Móbil Persoal cuio fallo di: *“Estimamos parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por RETEVISIÓN MÓVIL contra el acuerdo del Ayuntamiento de Foz de 28/11/03 por el que se aprueba definitivamente la Ordenanza Municipal para la Instalación y el Funcionamiento de Instalaciones de Telefonía Móvil Personal anulamos, por ser contrarios a derecho, los siguientes preceptos de la misma: Artículo 7, d); artículo 12.1, párrafos primero, cuarto (en cuanto se refiere al impacto sanitario) y quinto; Artículo 12.3, en cuanto impone distancias mínimas en relación con otras instalaciones, edificios, tipo de suelo y a linderos o valldos; Artículo 12.4, en cuanto impone las distancias mínimas de 15, 100 y 300 metros en las “condiciones de la instalación” y exige un seguro de responsabilidad civil; y Artículos 35 y 36, con desestimación de las restantes pretensiones y sin hacer especial mención en cuanto al pago de costas procesales de esta instancia”.*

SEGUNDO. –Ordenar la publicación do presente acordo no BOP para o seu público coñecemento.

TERCEIRO.- Remitir copia do acordo á Sala Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

8.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO AO ACORDO DE CESIÓN DEFINITIVA DUN BAIXO DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO EN PASEO COLÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto os informes emitidos polo secretario, o aparellador municipal e o interventor municipal en relación coa cesión dun baixo de titularidade municipal de cen metros cadrados no edificio DAMIÁN e con acceso dende o Paseo Colón a Consellería de Medio Rural para a instalación a Oficina Agraria Comarcal.

Elevada a escritura pública a cesión gratuíta en favor do Concello en data 17/04/08 e inscrita no Rexistro da Propiedade en data 28/05/08 coa calificación de ben de natureza



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

patrimonial.

Sometido a información pública o acordo plenario de data 25/10/07 polo que se acorda iniciar o expediente de cesión indefinida do local coas condicións fixadas no acordo publicado no BOP nº 267 de data 20 de novembro de 2007 sen que se presentaran alegacións ao mesmo.

De conformidade coas atribucións concedidas pola ley7/85 reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO. Ceder gratuitamente de forma indefinida un baixo de titularidade municipal (e calificación de ben patrimonial) de cen metros cadrados sito no edificio DAMIÁN e con acceso dende o Paseo Colón a Consellería de Medio Rural para a instalación a Oficina Agraria Comarcal coas seguintes condicións:

- O local deberá utilizarse para a prestación de servizos de xestión e atención ao público relacionados coas actividades agrarias, gandeiras e forestais.

Se algunha das actividades fose alleada da Consellería de Medio Rural e pasase a ser exercida por outra Consellería o dereito de uso seguiría en vigor sempre que permanecera a oferta desa actividade.

A consellería poderá engadir novos cometidos os xa existentes utilizando as mesmas instalacións.

A Consellería asumirá os gastos de acondicionamento do local permitindo o Concello as modificacións necesarias para o desenvolvemento das actividades enumeradas

Si se cesará na actividade o ben retornará de forma inmediata ao Concello de Foz

A Consellería asume o mantemento do local nun estado aceptable de conservación

Os gastos de uso e mantemento serán de costa Consellería

SEGUNDO. Determinar a reversión automática ao patrimonio deste Concello do ben cedido gratuitamente, se non é destinado ao uso previsto no termo máximo de dous anos.

TERCEIRO. Anotar a cesión gratuíta no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez finalizada a mesma.

CUARTO. Facultar o Alcalde, D. José María García Rivera para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente, entre elas a sinatura da Escritura pública de cesión.

QUINTO. Notificar aos interesados a presente resolución, debendo comparecer o cesionario no momento que sexa emprazado para proceder a elevar a Escritura pública a cesión referida.

SEXTO. Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais segundo a Lexislación hipotecaria.

SÉTIMO. Remítase o expediente para o seu coñecemento á Consellaría de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

O SEÑOR ALCALDE: O local, que se obtivo grazas a unha excelente xestión urbanística, vaise utilizar para a instalación da Oficina de Extensión Agraria. O local que nos queda imos arranxalo e darémoslle uso xa que existen numerosas demandas, Intentaremos obter unha subvención para a financiar os devanditos arranxos.



O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: De acordo na cesión, no que non estamos de acordo é na excelente xestión urbanística.

Sometido a votación o ditame é **aprobado por unanimidade**.

9.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVA Á FIXACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS CARA O ANO 2009.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto o escrito remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia polo que se require a determinación das dúas festas locais para o ano 2009, PROPOÑO:

Que se establezan como festas locais no ano 2009 os días 16 de xullo, festividade do Carne, e o día 10 de agosto, festividade de San Lourenzo.

Sometido a votación o ditame é **aprobado por unanimidade**.

10.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE FOZ NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA (GAP) CORRESPONDENTE Á ZONA 1: MARIÑA-ORTEGAL.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos vai proceder á convocatoria para a constitución dos Grupos de Acción Costeira (GAC) ao amparo do Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca e que a creación destes grupos vai supor unha nova estratexia de xestión e financiamento de proxectos de desenvolvemento territorial e, neste caso, cunha forte vinculación terra-mar.

Os GAC son Asociacións sen ánimo de lucro integradas polo sector social, económico, público e pesqueiro, constituídas para o desenvolvemento sostible das zonas costeiras que desenvolven parte do FEP (Fondo Europeo de Pesca) para Galicia que contarán con financiación comunitaria para a execución dos proxectos que queiran desenvolverse na zona.

Os GAC lideran o proceso e xestionan parte do FEP para o desenvolvemento sostible das zonas costeiras fomentando a diversificación de actividades económicas, o turismo e o medio natural cunha especial atención a igualdade entre mulleres e homes.

As prioridades estratéxicas que marcan o programa español para o desenvolvemento integrado das zonas costeiras no próximo período (2007-2013) teñen como fin último a consecución dun desenvolvemento sostible destas zonas. As devanditas prioridades, por orde de importancia, son:

- Manter a prosperidade económica e social das áreas e revalorizar os produtos da pesca e a acuicultura.
- Manter e desenvolver os postos de traballo: diversificación económica e reestruturación social.
- Potenciar a calidade ambiental costeira.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Promover a cooperación nacional e transnacional entre zonas de pesca.

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. A integración do Concello de Foz dentro do Grupo de Acción Costeira (GAC) correspondente á Zona 1: Mariña –Ortegal, como Entidade Pública: Concello.

SEGUNDO. A designación de D. José María García Rivera, Alcalde-Presidente do Concello de Foz, como representante municipal no Grupo de Acción Costeira (GAC).

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

11.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO A MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA O REFORZO DOS MEDIOS DE SALVAMENTO AÉREO NA COSTA NORTE GALEGA.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular ditaminada pola Comisión Informativa coia parte resolutoria di:

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular coia parte resolutoria di:

- Instar á Xunta de Galicia a que se dote do cadro de persoal suficiente ao helicóptero PESCA II- con base en Celeiro- tal e como pretende facer co helicóptero PESCA I – con base no porto de Vigo- de tal xeito que o reforzo na tripulación e a presenza permanente nas bases do seu persoal, permita a súa plena operatividade as 24 horas do día os 365 días ao ano e se reduza, deste xeito, o tempo de resposta.

Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Colexio de Pilotos e aos distintos grupos con representación política no Parlamento de Galicia.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: A moción ten por obxecto evitar a perda de vidas no mar. A día de hoxe existen importantes deficiencias no funcionamento destes servizos. Ao helicóptero con base en Vigo asignóuselle unha segunda tripulación co que o seu tempo de resposta é de dez minutos, o que ten base en Celeiro só ten unha tripulación con quenda de mañá e a obriga de estar localizada pola tarde co que o tempo de reacción é moi superior por iso resulta conveniente que se aprobe esta moción.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZALEZ BASANTA: Estamos de acordo no fondo do asunto, que se presten cantos máis servizos mellor e máis cando son de tal importancia.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Imos votar a favor remarcando o esforzo que se fixo dende a Consellaría de Pesca para mellorar o servizo de salvamento que non solo se presta a través dos helicópteros senón que tamén existen buques e outros medios nos que colabora tanto a Xunta como o Goberno estatal.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometido a votación o ditame é **aprobado por unanimidade**.

12.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO A MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A SOLICITUDE AO GOBERNO DA REFORMA URXENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL E QUE NON DIMINÚAN OS INGRESOS LOCAIS POLAS TRANSFERENCIAS DO ESTADO NOS PGE 2009.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular ditaminada pola Comisión Informativa coia parte resolutoria di:

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular coia parte resolutoria di:

- Reclamar al Gobierno de España un acuerdo simultáneo y vinculado con las Comunidades Autónomas y los Entes Locales para la reforma urgente de la financiación local paralela a la de la financiación autonómica y para establecer las bases del Pacto Local, de forma que los entes locales puedan contar antes de que finalice este año con unas normas claras y precisas que se adecúen a sus necesidades reales de financiación, les doten de mayor capacidad normativa y solucionen el déficit arrastrado por la prestación de servicios impropios.
- Igualmente se insta al Gobierno para que la futura reforma de la Ley e Bases de Régimen Local aborde definitivamente la delimitación precisa de las competencias de los Ayuntamientos y Diputaciones Provinciales al objeto de evitar la situación actual de asunción de competencias impropias.
- Exigir al Gobierno de la Nación la creación de un Consejo Local de Política Financiera que se reunirá trimestralmente con la Administración General del Estado y en la que participará la FEMP, los seis mayores municipios de España y una representación de municipios medianos y pequeños para tratar de los temas de interés bilateral: actualización del catatro, transferencias estatales, gestión de los convenios y cooperación administrativa.
- Exigir al Gobierno de la Nación un incremento en la participación en Ingresos del Estado por parte de los entes locales para el ejercicio 2009.
- Solicitar al presidente de la FEMP la celebración de una asamblea extraordinaria de la FEMP que reivindique la reforma de la financiación local, su estabilidad presupuestaria y el saneamiento de las Haciendas Locales de forma que puedan los Entes Locales garantizar a los ciudadanos Iso servicios que necesitan en condiciones de igualdad y equidad y para alcanzar el peso político e institucional que corresponde a los Entes Locales como administración más cercana.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: Cos presupostos xerais para o ano 2009 vanse reducir as achegas aos Concellos, que son as administracións máis próximas e, polo tanto, as que máis vai sufrir a crise. Non é admisible que os Concellos sexan os pagáns dos problemas económicos.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: O BNG está en contra desta moción posto que o que aquí se propón é que o financiamento dos Concellos galegos se decida no nivel estatal. A nosa proposta é que se defenda os Concellos galegos para que nos dean o que realmente merecemos valorando a dispersión e o envellecemento da poboación e que esa repartición se faga dende Galicia.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR ALCALDE: Ao Concello a achega chégalle dende a Xunta de Galicia e hai que recoñecer que dende o comezo do goberno Zapatero as achegas melloraron, como melloraron coa sinatura do pacto local en Galicia entre o PSdG e o BNG. Aínda así necesitamos máis financiamento, somos a administración máis próxima e todo recae en nós. Non obstante se que solicitamos que se emende a moción simplificándoa e remarcando a idea de que non debe diminuírse a achega aos Concellos nos próximos PGE para 2009.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: As regras de xogo están así montadas e temos que xogar con elas. O BNG se que ten capacidade de presión en Madrid á hora de aprobar os PGE, que o solicite e defenda esta postura.

Sometido a votación o ditame **é rexitado, obtén nove votos, (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e catro votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín), quedando, en consecuencia, rexeitado o mesmo.**

13.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO A MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE ALCANTARILLADO NA PARROQUIA DE CORDIDO.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular ditaminada pola Comisión Informativa coia parte resolutoria di:

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular coia parte resolutoria di:

- Que, na parroquia de Cordido, concretamente nos barrios da Granda e do Eixo, se doten de alcantarillado, no primeiro as seis casas que forman e no se gundo as catro que faltan achegarilles a rede xeral.
- Que, o Pleno do Concello de Foz, aprrobe a execución desta obra e sexo incluída dentro do plan de saneamento que o equipo de goberno reflexa nos presupostos recentemente aprobados e nos que figura a cantidade asinada para obras desta índole.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: As vivendas ás que facemos referencia na moción quedaron sen servizo de depuración resultando necesario que se realicen as obras para enganchalas ao colector xeral.

O SEÑOR ALCALDE: As obras vanse realizar progresivamente seguindo unha orde. Existen moitas zonas nesa situación, xa realizamos todas as actuacións xerais, agora quédanos ir enganchando a rede xeral.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

14.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO A MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTALACIÓN DUNHA VALLA DE PROTECCIÓN NA ÁREA RECREATIVA DA PARROQUIA DE FAZOURO (SITA ENTRE A ESTRADA XERAL E A SAÍDA DA PONTE VELLA DE FERRO).-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular enmendada de verbo ante a Comisión, coia parte resolutoria di:

-Propoñermos que o Pleno do Concello tome consciencia do problema de seguridade existente na zona e requira á Delegación Provincial de Costas para que se tomen as medidas necesarias para incrementar a seguridade da devandita área recreativa.

Sometida a votación ó dictame, **é aprobado por unanimidade.**

15.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A APERTURA DO DIQUE NORTE DE ALCOA.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular ditaminada pola Comisión Informativa coia parte resolutoria di:

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG coia parte resolutoria di:

- Que o Pleno da Corporación se dirixa aos portavoces dos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados para que apoiem e plantexen alternativas dirixidas a apertura ao tráfico comercial do dique norte de Alcoa.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: A apertura vai permitir dinamizar a zona poñendo á Mariña na vangarda internacional do tráfico de mercancias.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: As propostas do PP van máis alá e son ademais da apertura do dique norte, a creación dunha autoridade portuaria en Lugo, o seu financiamento con cargo a presupostos xerais do Estado e a súa inclusión dentro do Plan de reequilibrio Territorial posto que cremos que cumpre todos os requisitos necesarios para a súa inclusión. Como xa lle dixen, vostedes que teñen forza en Madrid para a aprobación dos PGE fágano.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

Fora da orde do día e en atención o seu carácter urxente, sométense a consideración do Pleno Municipal os seguintes asuntos:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA A FAVOR DE ADOPTAR MEDIDAS DE AUSTERIDADE NAS ENTIDADES LOCAIS.-

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal socialista coia parte resolutoria di:

1. Os soldos correspondentes a alcaldes e concelleiros, con dedicación exclusiva e parcial, no



exercicio de 2009 serán conxelados.

2. De igual xeito, conxelaranse as partidas orzamentarias destinadas a dietas de cargos electos por asistencia a plenos, comisións de goberno, comisións informativas e consellos de administración das empresas e sociedades municipais. Ao tempo conxelaranse os soldos correspondentes aos cargos de confianza política dos gobernos locais (xefes de gabinete, asesores, etc) así como o seu número.

3. A consignación para gastos correntes de libre disposición non vinculados a atención de servizos de carácter social será conxelada nas cifras orzamentadas para este exercicio 2008.

4. Conxelarase a consignación das partidas orzamentarias correspondentes ao funcionamento dos grupos políticos municipais nas cifras do ano 2008.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR: CAO PÉREZ: Dende o noso grupo cremos que hai medidas máis efectivas en materia de aforro, sobre todo aplicando unha mellor xestión. Por iso esta proposto o único que vai conseguir é que aforre solto. Por iso queremos propoñerlle unha serie de emendas á súa moción para que o aforro sexa efectivo, como por exemplo, intentar mellorar o sistema de contratación de obras para que se axuste a adjudicación á oferta máis baixa.

O SEÑOR ALCALDE: Nós estamos a xestionar ben o diñeiro. O Concello atopámolo na ruína e agora marcha ben. En obras aforramos en torno a un vinte por cento en cada obra que realizamos polos nosos propos medios.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZALEZ BASANTA: A soberbia non se leva ben co traballo. Estamos de acordo coa moción aínda que con isto non se arranxa a crise. Ha de tomar consciencia da necesidade de controlar máis os gastos, por exemplo en materia de iluminación onde rúas enteiras da vila permaneceron encendidas durante a tarde o pasado verán.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA AO REQUERIMENTO AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.-

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración a seguinte moción da alcaldía:

Visto o escrito remitido dende o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar relativo á realización dun Fogar Residencial no Concello de Foz e plantexándose dúbidas en torno ao alcance da actuación prevista, **PROPOÑO:**

1. Requerir ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que aclare cal é o alcance do proxecto previsto indicando o número de prazas que vai ter o citado Fogar Residencial.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

DACIÓN DE CONTA DA SENTENCIA 541/2008 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RECURSO DE APELACIÓN 4027/2007.-

Polo sr. Alcalde dase conta da citada sentenza cuio fallo di "*Estimar en parte el recurso de apelación interpuesto por D. Pastor Amarelo Gil contra la sentencia de fecha 17 de octubre de 2006 dictada en el PO 563/2005 por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo. Revocamos y dejamos sin efecto dicha sentencia y, con estimación parcial del recurso contencioso administrativo, anulamos la resolución de la JGL del Ayuntamiento de Foz de 21 de julio de 2005 en el punto relativo al abono del 20 por ciento de los beneficios de la tala de arbolado, extremo que anulamos por disconforme a derecho. Sin hacer especial condena en costas a ninguna de las instancias*".

O Pleno Municipal **dase por enterado.**

DACIÓN DE CONTA POLO SR ALCALDE DO INFORME ELABORADO POLO SEPRONA DA GARDIA CIVIL DE LUGO, EN RELACIÓN COAS DENUNCIAS EFECTUADAS AO FUNCIONAMENTO DA EDAR MUNICIPAL SITA NO PORTO DE FOZ.-

O Pleno Municipal **dase por enterado.**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA A INSTALACIÓN DE BOCAS DE RIEGO PARA INCENDIO NAS PARROQUIAS DO CONCELLO.-

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular coia parte resolutoria di:

1. Que nas parroquias do Concello de Foz que non teñan bocas de riego para incendios con auga a traída do concello, se poñan en lugares de fácil acceso e desta maneira os desprazamentos dos vehículos de incendios se fagan dentro da mesma parroquia e se chegue antes o lugar do lume.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

1. Que se poña un colector de reciclaxe no supermercado Oural de Cangas ara que deposite o cartón que xera.
2. Que ou ben recóllanse os entullos das obras que está a realizar a escola obradoiro no colexio de Nois ou ben que se instale un colector de obra para o seu depósito.
3. Que se actúe para evitar os riscos que pode xerar unha árbore en mal estado nas inmediacións da gardaría.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

PREGUNTAS

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

1. ¿En que situación atópanse as obras de saneamento en Mañente e cando se vai realizar o enganche á rede xeral?

O SEÑOR ALCALDE: A rede xeral está posta, imos ir chegando pouco a pouco ás casas.

2. ¿Que vai conseguir as marquesiñas da estrada de Ferreira a Foz que se retiraron polas obras? ¿vanse colocar no mesmo lugar? ¿e coas que se atopan en mal estado en Villaronte?

O SEÑOR ALCALDE: En relación coas de Ferreira a Foz estamos en conversacións coa CPTOPT para instalalas novamente. En relación coas vellas marquesiñas de madeira de Villaronte pensamos incluír unha partida no seguinte Pleno.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

1. ¿Ten coñecemento dunha posible subcontratación do servizo de mantemento da iluminación pública? ¿Existe inconveniente en pedirlle á empresa os TC dos seus traballadores?

O SEÑOR ALCALDE: Non teño coñecemento de subcontratacións, as persoas que prestan servizos están contratadas pola empresa. A que a anterior empresa estivo a colaborar con eles durante un tempo. En canto aos TC non hai problema en solicitarllos/llelos.

2. ¿Realizouse xa a repartición da partida para as festas?

O SEÑOR ALCALDE: Existe un problema concreto cos organizadores das festas de Nois. Coas demais temos que analizar a situación caso por caso posto que nalgúns outorgarlles unha subvención pode ser contraproducente, principalmente para os efectos fiscais.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantase a sesión sendo as 22:31 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.-

O Alcalde-Presidente,

O Secretario

Asdo. José María García Rivera.

Asdo. Diego Ballina Díaz